

A AVENTURA

Michelangelo Antonioni, 1960

537

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 6 e 18 de xuño | V.O.S.E.

L'Avventura (1960, 145')

Dirección: Michelangelo Antonioni

Guión: Tonino Guerra, Michelangelo Antonioni, Elio Bartolini

Elenco: Gabriele Ferzetti, Monica Vitti, Lea Massari, Dominique Blanchar, Renzo Ricci, James Addams

Son: Fausto Ancillai, Paolo Ketoff, Claudio Maielli, Nino Renda

Montaxe: Eraldo Da Roma

Vestuario: Adriana Berselli

Música: Giovanni Fusco

Fotografía: Aldo Scavarda

Produtora: Cino del Duca P.C, Produzioni Cinematografiche Europee, Société Cinematographique Lyre (Italia, Francia)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Italiano

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El reportero, 1975

Zabriskie Point, 1970

Blow-Up, 1966

El desierto rojo, 1964

El eclipse, 1962

La noche, 1961

Crónica de un amor, 1950

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 1960 (Premio do Xurado)

SINOPSE

Anna, unha rica moza romana, o seu mozo e Claudia, a súa mellor amiga, embárcanse nun cruceiro estival entre as escarpadas illas sicilianas.

«Unha aventura fundacional do cinema moderno»

Olivier Père, LES INROCKUPTIBLES



Lembranza de Michelangelo Antonioni

Por Jean-Claude Biette

É difícil ser moderno toda a vida. Nin Antonioni nin Godard foxen a esa lei que rexe a distribución dos dones da natureza ao artista. Tanta xente afeou a Godard que non fixera vinte veces *À bout se souffle* (1960) ou a Antonioni nove veces *A aventura* (1960)... Xa é fermoso que unha vez na vida un cineasta bata o seu público no corazón, que faga tremer as rixidas certezas dos seus contemporáneos, deberamos absternos de esixirlle que copie unha e outra vez esa obra.

Nos albores dos anos sesenta, *A aventura* correu esa sorte de aparecer como un dos grandes filmes modernos. Pero non se lle pode negar a Antonioni a capacidade de perserverar co mesmo rigor na busca dunha linguaxe e un contido inéditos en *La noche* (1961), *El eclipse* (1962) e *Desierto rojo* (1964), ou a fortuna de achegarnos probas posteriores igual de consistentes que *A aventura*. Cada revisión da obra está chea de sorpresas: vinte anos despois segue a ser un faro do cinema moderno.

O mesmo ano que *À bout de souffle*, Antonioni racha, el só, co neorrealismo, é dicir, co neocristianismo. Nos filmes de Rossellini, as longas secuencias fannos agardar unha liberación que se pode chamar indistintamente Deus, o

sentimento de reconciliación coa vida, a confianza total na comunicación. O espazo que Antonioni pon de súpeto sobre a escena resólvese firmemente ao ficar en silencio mediante unha decisión estética de componseño con fragmentos menores até o momento exiliados da dramaturxia, ese mesmo espazo que, ao principio e ao remate do plano, se desincroniza do tema que a pesar de todo quere abranguir. O mesmo espazo que Murnau, Renoir e Bresson intalaran previamente coa íntima convicción de que o desaxuste do encadre en relación coa acción produciría unha emoción suplementaria.

Antonioni impón ese espazo coa certeza de que vai dotar ao seu relato dun sentido, pero dun sentido de menos. Nun plano de Bresson pódese ler a contraño a alma do modelo, nun plano de Antonioni non hai revés que ler: porque non hai alma. O plano é unha superficie dunha luminosidade fulgurante pero ilexíbel. Se a mirada de Antonioni pode calificarse de atea, a súa valoración do silencio, da desdramatización, da rarefracción do sentido, é metafísica: a mirada é sen dúbida profana, esa reconciliación final non promete nin salva a ninguén, pero a busca xorda que percorre o filme ten algo de místico. Aínda que os personaxes non cren en nada, a súa va axitación no deserto da vaidade burguesa fainos agardar en segredo a consolidación dese valor transcendente que é a arte e fainos axexar o menor sinal que represente para nós iso que enuncia unha escrita cinematográfica sempre sobrecargada: a Arte Moderna.

Esa busca cega, inconsciente, é a que Antonioni nos ofrece para a contemplación: o itinerario secreto de personaxes incómodos na súa pel social. A arte de Antonioni consistía en entregarnos ese baleiro de sentido de forma non só aturábel senón case deleitábel. É quizais no momento no que el tomou conciencia de que o lugar dos seus soños estéticos era o Deserto [lugar nomeado e explorado en *Desierto rojo*, *Zabriskie Point* (1970) e *El reportero* (1975)], cando viu con nitidez aquilo que vinculaba soterradamente os seus temas e pulsacións estéticas, cando comprendeu que a perda de identidade (e o baleiro aterrador e invivíbel que a acompaña) era o seu tema, se cadra daquela Antonioni perdeu aquela inocencia que, ao evitar que se coñecera a si mesma, lle permitira atopar durante catro filmes-faro excepcionais as solucións estéticas máis radicais e novedosas do seu tempo. Non se pode ser moderno toda a vida. Cinco anos é unha oportunidade e unha fazaña excepcional.

Cahiers du cinéma, setembro de 1985
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax

